


# Manual de custodia fluvial



## Agradecementos

Este manual é froito dun traballo conxunto da equipa de educación Ambiental de ADEGA e un grupo de voluntarias e voluntarios do Proxecto Ríos.

A todos e todas, grazas polas vosas achegas e comentarios.

Grazas a:

Charo Gómez Vaamonde (Profesora de Ensino secundario)

Fernando Bandín (Fragas do Mandeo)

Chus Goldar (Asoc. pola defensa do Val do Liñares)

Juán Ramón López Domínguez. (Asoc. Vaipolorío)

Ricardo Puertas (Técnico Voluntariado Concello de Cambre)

Roberto Freire (Pescador socio de AEMS Ríos con vida)

Flor Pérez (ALUME Asoc. Lucense de Enfermos Mentais)

María Dolores Barreiro (Colectivo Ecoloxista do Salnés)

Almudena Ares (Particular)

Manual Antonio Fernández (Profesor de Ensino Secundario e membro do ICE)

Agradecer tamén a todas as entidades que enviaron as súas experiencias, nomeadamente a

Alnus de Navarra, Projecte Rius de Catalunya e Red Cambera de Cantabria.

E agradecer especialmente a todas e todos os voluntarios e voluntarias que durante estos dez anos teñen dado soporte e vida ao Proxecto Ríos.

Augas de Galicia

Confederación Hidrográfica Miño - Sil

### Textos

Ramsés Pérez, Virginia Rodríguez e Paco Bañobre

### Corrección lingüística

Ana Lenza

### Fotografía

Ramsés Pérez

Jordi Piex (páxina 24)

Javier Ares (páxina 31)

### Maquetación

Reviravolta Design

### Publicado por

Proxecto Ríos

R/Travesa de Basquiños 9, baixo

15704 Santiago de Compostela

Tlf/fax: 981570099

info@proxectorios.org

www.proxectorios.org

# Índice

4	1. Presentación
7	2. Que é ADEGA e o Proxecto Ríos?
11	3. O manual de custodia fluvial
11	3.1. Para que un manual de custodia fluvial?
12	3.2. Como usar este manual?
13	4. Participación cidadá e Directiva Marco da Auga (DMA)
15	5. Adopción de ríos e custodia fluvial
16	5.1. Que é a custodia do territorio?
17	5.2. Axentes de custodia: propietarios e entidades de custodia.
19	5.3. A negociación de acordos. Estratexias de custodia do territorio.
21	5.4. Onde actuar?
23	5.5. A custodia fluvial no Dominio Público Hidráulico (DPH).
24	5.6. Quen é cadaquén na adopción de ríos e na custodia fluvial?
26	5.7. Adquirir un compromiso: o acordo de custodia.
29	6. Recursos para a custodia
31	7. A custodia fluvial, paso a paso
32	7.1. Idea de adopción ou custodia.
35	7.2. Deseño e elaboración de proxectos de custodia.
37	7.3. Execución.
38	7.4. Avaliación e seguimento.
43	8. Marco xurídico
49	9. Experiencias de custodia fluvial
61	10. Recursos
69	11. Anexos
69	Solicitudes de permisos (modelos).
70	Seguros de responsabilidade civil e pólizas de accidentes.
71	Como constituír unha entidade sen ánimo de lucro.
72	Solicitud de autorización
74	Modelo de denuncia medioambiental



Cada día é máis necesario o redescubrimento dos nosos ríos para entender mellor a relación do ser humano co medio natural. A historia de Galicia está intimamente relacionada cos cursos fluviais, polo noso modo de relacionarnos coa nosa contorna, polo noso modelo de asentamento territorial, porque era necesario para a actividade produtiva e industrial. Pero non só a historia académica, senón a historia cotiá, a de todos os días. Sen embargo, o proceso de concentración da poboación nas vilas e cidades superou a capacidade de autodepuración dos ríos, que nas contornas urbanas foron usados como destino das augas residuais e se lles deron as costas.

Nos últimos anos medrou a sensibilidade ambiental dos galegos, e o avance do saneamento e depuración nas zonas urbanas permitiu un novo achegamento aos ríos. É unha certeza de que o fomento dos lazos entre a cidadanía e o medio natural vai ser beneficioso para ambas partes, porque os valores ambientais serán máis apreciados e haberá unha maior esixencia de conservación para as administracións responsables, como de feito se está constatando.

A custodia do territorio é unha ferramenta na que se condensa esta vontade de fornecemento dos vínculos entre persoas e cursos fluviais. Conta ademais coa vantaxe dun marco normativo favorable, ao determinarse nel o Dominio Público Hidráulico e as súas zonas de servidume e policía. Polo tanto, é oportuno o fomento da mesma e nada mellor que un manual como o que se desenvolve, que ademais deriva da experiencia de anos de traballo de ADEGA no Proxecto Ríos en Galicia coa colaboración da Xunta de Galicia.

Parabéns, por tanto, aos seus autores, e todo o ánimo e consideración a aquelas persoas que guiados por este manual participen de xeito activo para conseguir a materialización das propostas destas páxinas nos ríos galegos.

**Francisco Menéndez Iglesias**  
Director de Augas de Galicia



## 1. Presentación

A preocupación polos ecosistemas fluviais tense incrementado nos últimos anos ao mesmo tempo que se veñen ensaiando novas maneiras de xestionar o patrimonio natural e cultural, nomeadamente a custodia do territorio.

Neste manual repasamos algunhas das cuestións ligadas á participación cidadá polos ecosistemas fluviais e propoñemos diversas estratexias para desenvolver iniciativas de estudo, conservación ou restauración fluvial.

A elaboración do manual foi unha demanda do voluntariado ambiental do Proxecto Ríos e contou coa participación de grupos activos e de colaboradores do mesmo.

Esperamos que poida ser de axuda ou guía para a elaboración de iniciativas de custodia fluvial, así como para animarvos a pór en marcha estas accións.





## O PROXECTO RÍOS

A idea do Proxecto Ríos xurdiu en Catalunya no ano 1997 da man da Associació Hàbitats, e foi en 2004 cando ADEGA comezou a promover esta iniciativa de educación e voluntariado ambiental. O proxecto pretende involucrar a cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais, proporcionando ferramentas que garantan a súa participación. Na actualidade o proxecto está financiado por Augas de Galicia e conta tamén con colaboracións puntuais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

O Proxecto Ríos basea o seu labor en tres piares fundamentais: a importancia da educación ambiental para dar a coñecer os ecosistemas acuáticos e promover comportamentos que redunden na súa conservación; a constancia do traballo co voluntariado ambiental que se fai responsábel dun treito de río; e o fomento da participación cidadá como ferramenta fundamental que permita camiñar cara a unha sociedade máis sensibilizada e capacitada para emprender accións de protección e mellora destes ecosistemas.



Grupo de voluntarios e voluntarias do Proxecto Ríos facendo unha inspección de río.

A participación no Proxecto Ríos, tanto a nivel particular como de diferentes entidades, concrétase na realización de dúas inspeccións anuais de río, unha na primavera e outra no outono. As inspeccións consisten na análise das características biolóxicas, físico-químicas, hidromorfolóxicas e patrimoniais dos ecosistemas fluviais, empregando os materiais proporcionados de forma gratuíta polo Proxecto Ríos. Cos datos obtidos elabórase anualmente o *Informe do estado de saúde dos ríos galegos*. Hoxe xa son máis de 2.500 voluntarios e voluntarias de toda Galicia os que participan activamente nas inspeccións de río, así como noutras actividades complementarias coma os encontros de voluntariado, as limpeza de río, os Roteiríos etc.

O voluntariado ambiental do Proxecto Ríos é a peza fundamental desta iniciativa. Sen o seu labor, o proxecto non tería acadado a actual repercusión e, grazas á súa participación, ten aumentado e diversificado as propostas e accións desenvolvidas nos ecosistemas fluviais.



Inspección de río.



### Somos unha rede

O Proxecto Ríos de Galiza forma parte da *Red Proxecto Ríos*, integrada por entidades que desenvolven iniciativas semellantes en distintos territorios da Península Ibérica: Associació Hàbitats en Catalunya, Fundació Limne en Valencia, Red Cambera en Cantabria, Territorios Vivos en Madrid, Asociación Amigos de Ene.Museo Nacional de la Energía no Bierzo-Laciana, ASDENUT en Asturias e ASPEA en Portugal.

Pódese acceder aos informes elaborados polo Proxecto Ríos na sección "Informe anual" da páxina web do proxecto ([www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)).







## 3. O manual de custodia fluvial

### 3.1. Para que un manual de custodia fluvial?

Preténdese que o *Manual de custodia fluvial* sexa unha ferramenta útil para promover actividades de custodia do territorio. Está dirixido a todas aquelas persoas e entidades que teñan interese en participar de forma activa na protección, conservación e mellora dos ríos e zonas húmidas.

Outro motivo desta publicación ten que ver co feito de que, dentro dos niveis de participación do voluntariado no Proxecto Ríos, está contemplada a posibilidade de adquirir un nivel maior de compromiso que permita realizar accións concretas de mellora no treito de río escollido. Existen entidades participantes que xa levan tempo realizando as inspeccións e teñen outras inxerencias cara ao seu treito, no que detectan problemas, ameazas ou necesidades que elas coñecen mellor que ninguén. Coa axuda do manual, estes grupos de voluntariado ambiental poderán levar adiante actividades máis ou menos complexas, que serán coordinadas por eles mesmos co apoio do equipo do Proxecto Ríos.

Esperamos que o manual sirva de orientación para elaborar proxectos, resolva dúbidas e aclare certos conceptos referidos aos ecosistemas fluviaís.

Este manual, polo tanto, pretende:

- ▶ Promover a realización de accións que melloren ou conserven as contornas fluviaís.
- ▶ Distinguir as diferentes fases para levar a cabo actuacións nos nosos ríos e ribeiras.
- ▶ Facilitar información sobre os pasos que se deben seguir nunha iniciativa de custodia fluvial.
- ▶ Diseñar proxectos de adopción de ríos e custodia fluvial.
- ▶ Servir de guía para facer unha adopción de río.
- ▶ Poñer a disposición dos grupos de voluntariado modelos de iniciativas de diferentes entidades que teñen traballado sobre a custodia fluvial.



### 3.2. Como usar este manual?

Na elaboración do manual tentouse que existise un equilibrio entre a teoría e a práctica e que, por riba de todo, fose útil, tanto se ao lector ou lectora só lle interesa coñecer que é a adopción de ríos e a custodia fluvial, como se quere poñer en marcha un proxecto nesta liña. Propoñémosvos que leades o manual completo ou directamente vos encamiñedes aos temas que vos poidan interesar, que resumimos nas seguintes **preguntas frecuentes**:

- Que é ADEGA e o proxecto Ríos? [Pax.7, 8](#)
- Que significa adoptar un río? [Pax. 15](#)
- Que é a custodia fluvial? [Pax. 15](#)
- A onde podo dirixirme para por en marcha un proxecto de adopción de río? [Pax. 24, 25, 27](#)
- Que é a DMA? [Pax. 13](#)
- Que é o DPH? [Pax. 21, 22](#)
- Que é a zona de policía? [Pax. 22](#)
- Que diferenza hai entre a zona de servidume e a de policía? [Pax. 22](#)
- Que normativa hai que ter en conta para desenvolver iniciativas de custodia ou adopción de ríos? [Pax. 44, 45, 46, 47](#)
- Que tipos de actuacións podemos desenvolver no ámbito da custodia fluvial? [Pax. 29](#)
- Como podemos organizarnos á hora de desenvolver un proxecto? [Pax. 29](#)
- Como se elabora un proxecto de custodia fluvial ou adopción de río? [Pax. 35, 36](#)
- Con quen hai que contar antes de iniciar o proxecto de adopción de río? [Pax. 24, 25](#)
- Como se orzamenta un proxecto? [Pax. 36](#)
- Que xeitos existen de sufragar os gastos derivados? [Pax. 21, 61](#)
- Como se pode difundir e a quen debemos comunicar a iniciativa? [Pax. 36, 37](#)
- Como sabemos se estamos acadando os resultados esperados? [Pax. 38, 39](#)
- Onde podemos atopar exemplos de proxectos de custodia fluvial? [Pax. 49, 61](#)

## 4. Participación cidadá e Directiva Marco da Auga (DMA)

A Directiva marco en política de augas da Comunidade Europea (2000/60/CE), coñecida comunmente como Directiva Marco da Auga, (en diante, DMA), é unha normativa europea que require aos estados membros que no ano 2015 todas as súas augas teñan, polo menos, un “bo estado ecolóxico e químico” e que, se non o acadan, xustifiquen o motivo.

O obxectivo é moi ambicioso e, na práctica, significa deixar de considerar os ríos como “canles que transportan auga” e os acuíferos como “almacéns de auga” sen relación con ríos e zonas húmidas. En definitiva, supón un novo modelo de xestión deste recurso, promovendo unha “nova cultura da auga”.

A participación cidadá desempeña tamén un papel fundamental na DMA. No seu preámbulo destácase o feito de que a participación cidadá contribuirá ao éxito xeral da Directiva. Igualmente, fai fincapé na importancia de informar ao público en xeral co fin de garantir e facilitar a súa participación no proceso de planificación hidrolóxica.

A DMA promove un enfoque de fortalecemento da participación cidadá na xestión da auga ou, o que é o mesmo, apoia, como o Proxecto Ríos, os proxectos de adopción e custodia fluvial nos que a cidadanía é un elemento chave para a consecución deste fin. A través dos distintos proxectos pódese chegar a solucións moi satisfactorias a longo prazo para a planificación de concas, o que pode evitar posibles conflitos, problemas de xestión e custos.





## 5. Adopción de ríos e custodia fluvial

A adopción de ríos e a custodia fluvial son opcións de participación cidadá no medio ambiente. Implican idear e desenvolver iniciativas que sirvan para mellorar ou conservar o estado do río. Dependendo da actuación, da súa intensidade e duración, podemos falar de adopción de ríos ou de custodia fluvial.

Mediante actuacións puntuais, como a realización dunha limpeza ou dun inventario de flora e fauna, que non implican unha continuidade no tempo, estaremos desenvolvendo unha adopción de río. Non obstante, se as actuacións precisan de acordos de xestión con propietarios ou concesionarios, o proxecto debería formalizarse nun convenio (acordo de custodia do territorio) e, polo tanto, estaríamos falando de custodia fluvial.

A custodia fluvial é unha modalidade de custodia do territorio ligada aos ecosistemas fluviais e acuáticos (ríos, lagoas, zonas húmidas, charcas). Pode ser pública ou privada, e pode ser xestionada directamente (de forma total ou compartida) por unha soa entidade de custodia, por máis dunha entidade, por un ou máis órganos da administración pública ou, en ocasións, por voluntarios e voluntarias.



## 5.1. Que é a custodia do territorio?

A custodia do territorio é un novo e crecente movemento que implica á sociedade e a fai partícipe dun proxecto de conservación da paisaxe e do patrimonio natural e cultural, promovendo un uso responsábel dos recursos. Implica a participación de moitos actores: sociedade civil organizada, propietarios de terreos, cidadanía en xeral e tamén empresas privadas; é, por tanto, froito dun traballo conxunto de numerosas persoas de diferentes colectivos que teñen un obxectivo común: a conservación do territorio. A custodia pode dirixirse a diferentes tipos de hábitats (forestais, fluviais, agrarios, mariños e tamén urbanos) e pode interesarse pola súa flora, fauna, paisaxe ou polo patrimonio cultural que presentan ou poderían presentar no caso de conservalos.

A Declaración de Montesquieu, elaborada no ano 2000 en Catalunya, é considerada o fito que puxo en marcha a custodia do territorio no Estado Español e defínea como "o conxunto de diversas estratexias (de educación, xestión, mediación, desenvolvemento comunitario...) que pretenden favorecer e facer posíbel a responsabilidade na conservación e no uso adecuado (sostíbel) do espazo terrestre, fluvial e mariño e dos seus recursos naturais, por parte de propietarios e usuarios deste territorio, e está destinado principalmente á propiedade privada".

Os mecanismos que utiliza a custodia do territorio son moi variados e poden implicar tarefas de sensibilización, actividades de educación e voluntariado para a xestión responsábel ou acordos voluntarios para a xestión de fincas con diferentes niveis de compromiso. Estes acordos poden comportar requisitos legais, a cesión da xestión e incluso a adquisición de dereitos reais. Tamén pode producirse a compra de fincas por parte de entidades de custodia do territorio.

A custodia utiliza técnicas procedentes de varios eidos como son a educación ambiental, as relacións públicas, a ecoloxía e a bioloxía, o dereito civil e administrativo, a mediación ou a ordenación do territorio. Alén disto, é unha estratexia complementaria (e non substitutiva) doutros mecanismos que xa existen para a conservación da natureza e a paisaxe.

### Obxectivos da custodia do territorio:

▶ Conservar a longo prazo os valores naturais, culturais e paisaxísticos dun lugar.

▶ Promover a actividade económica sostíbel nos lugares onde se mantén o acordo de custodia, fomentando que a produción agraria, gandeira, forestal, o uso público, e turismo da natureza... sexan sempre compatíbeis coa conservación.



A custodia do territorio é unha realidade no noso país.

## 5.2. Axentes de custodia: propietarios e entidades de custodia

Os principais axentes na custodia do territorio serán as persoas propietarias das fincas e as entidades de custodia, co posíbel apoio de administracións públicas, usuarios e patrocinadores.

O instrumento máis importante que empregan as entidades para desenvolver a custodia do territorio son os acordos de custodia: un conxunto de compromisos e pautas de colaboración a medio ou longo prazo que asumen tanto a entidade de custodia como os propietarios ou usuarios do terreo. Estes acordos baséanse no principio de voluntariedade; é dicir, as partes acceden sempre de xeito voluntario, sen imposición. Ambas as partes dun acordo (propietarios e entidades de custodia) deben ter motivación e vontade para superar dificultades, executar o proxecto e mantelo no tempo.





## A custodia do territorio en poucas palabras

Que é?	Unha nova e crecente estratexia de xestión do territorio que ten como obxectivo a conservación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico dun lugar concreto.
Como?	Mediante acordos voluntarios, verbais ou por escrito, entre propietarios/as de fincas e entidades de custodia, en que se establece un pacto para xestionar a parcela custodiada.
Quen?	Proprietarios/as de fincas e entidades de custodia, que poden ser entidades públicas ou privadas (fundacións, grupos ecoloxistas, administracións públicas etc.).
Onde?	En parcelas que teñan ou poidan ter valores naturais, culturais e/ou paisaxísticos.
Cando?	Os acordos de custodia establecen un período de actuación, que pode ir desde varios anos ata décadas, segundo as accións de xestión pactadas.

## 5.3. A negociación de acordos.

### Estratexias de custodia do territorio

Un aspecto fundamental para desenvolver proxectos de custodia é chegar a acordos cos propietarios para a xestión participativa do territorio. No caso que atinxe a este manual, a custodia fluvial, moitos dos terreos susceptibles de seren custodiados estarán en Dominio Público Hidráulico. Non obstante, os espazos en que se desenvolven as actividades do voluntariado ambiental para a mellora dos valores naturais e culturais poden ter propietarios privados, en cuxo caso é necesario chegar a acordos con eles.

Antes de iniciar o contacto cos propietarios, a entidade de custodia deberá seleccionar a finca ou parcela que lle resulte máis interesante e que posúa uns valores acordos cos seus obxectivos de conservación. É, pois, necesario que a entidade de custodia se informe sobre a finca en cuestión para saber se se axusta aos seus criterios e ás súas posibilidades de actuación.

A relación cos propietarios supón unha serie de dificultades para cuxa solución é necesario analizar e coñecer, ademais dos aspectos ambientais e culturais do territorio, a idiosincrasia dos habitantes do medio rural, propietarios e usuarios do territorio.



Temos que decatarnos de que a custodia do territorio é unha estratexia de conservación do medio natural. Durante décadas, estas estiveron baseadas en políticas de creación de espazos naturais protexidos, en que se prohibía calquera acción que non fose acorde cos fins polos que eran así declarados. Isto traducíuse nun rexeitamento xeneralizado por parte dos propietarios cara á creación deste tipo de espazos, xa que vían como neles as técnicas de aproveitamento dos recursos que aplicaban desde había séculos eran perseguidas.

Á hora de realizar acordos ou asinar convenios de colaboración con propietarios é conveniente que a entidade de custodia coñeza as características da contorna e da propiedade, así como os intereses particulares dos participantes. É tamén fundamental informar con detalle sobre a organización promotora e os obxectivos que se pretenden acadar mediante a firma do acordo. Unha vez asinado un convenio, existe un amplo abano de posibilidades para a xestión sostíbel do territorio e pode producirse, cunha axeitada estratexia, un efecto multiplicador que pode beneficiar a xestión e conservación do medio.

As estratexias para unha axeitada xestión participativa do territorio poden ser moi variadas. Entre moitas outras, propoñemos as seguintes:

- Contribuír ao fomento do recoñecemento social dos propietarios por participar nestas iniciativas.
- Realizar visitas regulares á contorna e á finca.
- Participar en actos sociais.
- Mediar perante as administracións: as ONG dan respostas máis rápidas e flexíbeis ante as necesidades do propietario.
- Planificar conxuntamente o futuro da finca.
- Achegar coñecementos sobre as necesidades da finca.
- Promover a aprendizaxe mutua de técnicas e coñecementos de manexo.
- Conseguir man de obra para o desenvolvemento de accións de mellora do hábitat mediante a participación de voluntariado ambiental.

Hai un gran risco de fracaso nun proxecto que contemple accións de custodia sen ter establecido contacto con algún propietario/a que poida ser partícipe do proxecto de xestión ou conservación. É preferible realizar contactos previos, aínda que esas persoas non vaian participar en ningún proxecto específico.

A xestión participativa do territorio ten vantaxes evidentes para os propietarios e para a conservación, xa que poden corrírse malas prácticas, evitar accións ilegais e levar a cabo un labor de concienciación e educación ambiental cos usuarios e habitantes do medio natural ou rural.

## Modelos de acordos de custodia do territorio

Se tedes interese nalgún modelo de acordo de custodia do territorio no ámbito fluvial podeades contactar coa coordinación do Proxecto Ríos e facilitarémvos exemplos que se poderán adaptar ao voso proxecto.

- **Presentación das partes implicadas.** Ámbito de aplicación do acordo: toda a propiedade ou só unha parte; identificación dos terreos implicados (a través dun mapa detallado e anexado ao acordo).
- **Descrición dos valores e os elementos de interese** que xustifican o acordo: hábitats, especies, paisaxes, elementos arquitectónicos particulares, patrimonio histórico ou cultural, elementos identificadores, servizos locais (calidade do chan e auga) etc.
- **Obxectivos xerais e específicos** do acordo.
- **Compromisos (ou accións) da entidade de custodia e da propiedade** (facendo referencia a mapas e plans, se os hai).
- **Recomendacións de xestión** (e, se procede ou existe, un plan de xestión como anexo).
- **Acceso á propiedade:** quen o ten permitido, con que obxectivos, en que momentos etc.
- **Accións de comunicación e sinalización** da propiedade en relación co acordo.
- **Gastos derivados do acordo** asumidos pola propiedade e pola entidade.
- **Duración do acordo**, coa previsión habitual de que se fará unha renovación tácita (no período previsto) se ningunha parte comunica o contrario.
- **Seguimento previsto** do acordo por parte da entidade.
- **Outros aspectos:** medidas previstas en caso que se queira transferir a propiedade, métodos previstos para a resolución de conflitos ou incumprimentos etc. E calquera outro requirimento formal ou de contido previsto na opción legal na que se enmarque o acordo (arrendamento, doazón, compravenda etc.). Véxase a "Caixa de ferramentas para a custodia do territorio", para máis información. ([www.landstewardship.eu](http://www.landstewardship.eu))


Fonte: *Conservar la naturaleza entre todos. Xarxa de Custodia do Territorio.*

## 5.4. Onde actuar?

Os ríos está suxeitos a unha lexislación específica cunha zonificación legal en que se regulan os usos, actividades e actuacións tanto no solo como nos leitos e ribeiras. A Lei de Augas (RD Legislativo 1/2001 do 20 de xullo) define os elementos que constitúen o Dominio Público Hidráulico (en diante, DPH):

- Augas continentais, tanto superficiais como subterráneas renovábeis, con independencia do tempo de renovación.
- As canles de correntes naturais, continuas ou descontinuas.
- As canles dos lagos, lagoas e dos encoros superficiais en leitos públicos.
- Os acuíferos subterráneos.
- As augas procedentes da desalgaición do mar.





Así mesmo, a lei establece unha zonificación que determina distintos graos de protección:

- **Leito (DPH):** terreo cuberto polas augas nas máximas cheas ordinarias dunha corrente continua ou discontinua. En xeral, son de dominio público, aínda que en ocasións pode ser privado.
- **Ribeiras (DPH):** franxas laterais dos leitos públicos situadas por riba do nivel das augas baixas; é dicir, comprendería o espazo de terra delimitado pola liña de augas baixas e o nivel marcado por unha chea ordinaria do río.
- **Zona de servidume:** comprende 5 metros de ancho a partir do límite do DPH. Ten como fin a protección do ecosistema fluvial e do DPH, o paso peonil e o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento.
- **Zona de policía:** é de polo menos 100 metros de ancho a partir do límite do DPH. Nesta zona, as actividades que modifican o terreo e que poidan afectar ao estado do ecosistema acuático e do DPH estarán condicionadas a unha autorización especial de Augas de Galicia ou da Confederación Hidrográfica correspondente.
- **A área de inundación** é a ocupada polas enchentes extraordinarias e delimitase polos límites teóricos que acadarían as augas nas cheas cuxo período de retorno sexa de 500 anos.

### 5.5. A custodia fluvial no DPH


A custodia fluvial ten a peculiaridade de que a maioría das zonas en que se vai actuar non teñen propietario, senón que son Dominio Público Hidráulico. Isto implica que pertencen á sociedade no seu conxunto e, polo tanto, non existen propietarios e propietarias cos que pactar acordos. Sería, pois, a administración competente con quen teríamos que asinar convenios.

Porén, pódese chegar a acordos coas persoas que posúen propiedades nos terreos que están máis aló do DPH e así actuar indirectamente sobre un treito de río. Así, por exemplo, pódense establecer acordos con veciños para realizar tarefas de eliminación de especies exóticas invasoras, minimizando así a súa chegada ás beiras do río, ou tamén facilitar a recuperación do bosque de ribeira para dar conectividade ao río. Igualmente, pódese recuperar un muíño como elemento etnográfico ou refuxio de morcegos.

Outra opción é chegar a acordos con outros usuarios do Dominio Público, como asociacións de pescadores ou comunidades de rega, que poden colaborar en iniciativas de conservación e seguimento.

## Espazos naturais protexidos

Alén da zonificación legal, débese ter en conta se o noso río pode estar baixo outra figura de protección ambiental, como Parque Natural ou áreas da Rede Natura 2000, nomeadamente LIC (Lugar de Interese Comunitario) e ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves), Zonas Ramsar, Reservas da Biosfera, ENIL (Espazo Natural de Interese Local) etc. Debemos ter en conta a lexislación e xestión específica á hora de deseñar o proxecto, co fin de adecuarnos ás normas e coordinarnos para contribuír á conservación.



Moitos cursos fluviais galegos pertencen á Rede Natura 2000.

### 5.6. Quen é cadaquén na adopción de ríos e na custodia fluvial?

O habitual é que o proxecto de adopción de ríos ou de custodia fluvial sexa iniciativa dunha entidade ou un grupo de voluntarios, pero vai implicar tamén outros actores ligados á vida e xestión do río. A entidade creará unha rede de axentes cos que traballar: así, coa administración xestionará os permisos ou asinará o acordo de custodia, o que tamén poderá facer cos propietarios, no caso de actuar fora do DPH. Así mesmo, tentarase implicar a outros usuarios do río como pescadores, veciños etc., coa intención de facelos partícipes da iniciativa.



Algúns dos actores que hai que ter en conta son:

- Administracións (administración hidráulica, administración local, axentes fluviais e de conservación etc.), que poden dar un grande apoio á iniciativa, xa que son as que conceden os permisos necesarios.
- Veciños/as do lugar e coñecedores do río, que poden achegar coñecementos do espazo, asesoramento na elección das actividades etc.
- Propietarios/as de fincas relacionadas co ámbito do proxecto: é importante xuntarse con eles, explicarlles o proxecto e facelos partícipes desde o primeiro día, aínda que sexa unicamente para pedirles permiso de paso.
- Centros de ensino da zona e universidades que estean realizando estudos no lugar.
- Outros usuarios/as do río como pescadores, centros de piragüismo...

Na medida das nosas posibilidades, é importante informar e facer partícipes a todas as entidades posíbeis.

### A achega do Proxecto Ríos

O papel do Proxecto Ríos non é liderar a iniciativa ou propoñer as actuacións que se vaian desenvolver nos treitos custodiados, senón dar o noso apoio aos grupos de voluntarios e voluntarias que queiran poñer en marcha algún proxecto para conservar e recuperar a contorna fluvial.

Desde o Proxecto Ríos comprometémonos a colaborar coa nosa experiencia e facilitar a consecución da actuación proposta polo grupo a través dos seguintes procedementos:


- Asesorar na elaboración e redacción do proxecto.
- Difundir as actuacións a través dos medios de comunicación.
- Colaborar na procura de posíbeis fontes de financiamento.



## 5.7. Adquirir un compromiso: o acordo de custodia

Desenvolver un proxecto de custodia fluvial implica asumir un compromiso, que será maior ou menor en función do tipo de proxecto. Non é o mesmo facer dúas inspeccións ao ano, que crear un sendeiro de pescadores, facer unha re vexetación do bosque de ribeira ou reconstruír uns pasos ou lavadoiros. Cada un destes casos supón diferentes graos de implicación e débense ter en conta diferentes consideracións á hora de poñelos en marcha.

Desde o Proxecto Ríos cremos que cando, ademais do grupo de voluntarios/as interveñen outras entidades e institucións ou mesmo propietarios (no caso de actuar en terreos fóra do DPH), este compromiso debe formalizarse a través da firma dun convenio entre todos os actores (voluntarios, Proxecto Ríos, administración, propietarios) que chamaremos "acordo de custodia fluvial". Nel especificanse os compromisos de cada parte vinculada ao proxecto e a súa sinatura axuda a clarificar as responsabilidades asumidas, así como o reparto de tarefas entre as partes implicadas.






## 6. Recursos para a custodia

Os ríos, como o monte, as dunas e outros moitos ecosistemas, son ambientes multifuncionais. O ecosistema fluvial é un espazo natural, pero tamén é un lugar de lecer ou de traballo. Así, as iniciativas que se presenten poden atender a cada un destes aspectos. Expoñemos unha relación de iniciativas e actividades que se poden realizar:

### Relación de iniciativas para desenvolver no ecosistema fluvial

Actividades de diagnose e avaliación	Actividades de conservación e mellora
Inspeccións do estado ecolóxico do río.	Limpezas de río.
Identificación de problemas.	Plantacións e recuperación do bosque de ribeira.
Estudo e seguimento da diversidade biolóxica asociada ao río.	Recuperación e/ou creación de charcas.
Xeoloxía.	Colocación e mantemento de caixas-niño para aves, morcegos etc.
Flora.	Xornadas de eliminación de EEI.
Fauna.	
Campañas de monitorización.	
Actividades de información e sensibilización.	Actividades de recuperación do patrimonio (e uso público).
Instalación de paneis interpretativos.	Recuperación do patrimonio material inmobiliario (muíños, lavadoiros, pasos, curtidoiros, pontes etc.).
Organización de testings fotográficos ou de training days para descubrir a beleza e/ou diversidade.	Recuperación do patrimonio material mobiliario (barcas, artes de pesca etc.).
Realización de exposicións ou concursos fotográficos, literarios etc. sobre o río.	Recuperación do patrimonio inmaterial (contos, cantigas, lendas, adiviñas etc.).
	Realización de estudos artísticos, históricos etc.





## 7. A custodia fluvial, paso a paso

Como apuntabamos anteriormente, adoptar un río é facelo noso, e implica levar adiante unha intervención para a mellora, estudo, posta en valor ou conservación dun treito de río e a súa ribeira. Cando esa actuación leva implícito un acordo de custodia, estaremos falando de custodia fluvial.

Para conseguir o éxito do proxecto, é interesante seguir unha serie de pasos que debullaremos neste capítulo referido á planificación e elaboración de proxectos de adopción ou custodia do territorio:

▶ 7.1. Acordar unha idea de adopción ou custodia (pax. 32)

▶ 7.2. Diseñar o proxecto (pax. 35)

▶ 7.3. Executar a actuación (pax. 37)

▶ 7.4. Avaliar e facer seguimento (pax. 38)



## 7.1. Idea de adopción ou custodia

Mediante a participación do voluntariado nas campañas de inspección do Proxecto Ríos, os grupos teñen unha noción xeral do estado do treito de río en que realizan as actividades de diagnose. A participación no Proxecto Ríos permite ter unha visión o suficientemente completa do río como para saber que valores ten e cales son os aspectos que se deben conservar, mellorar ou recuperar. Ademais, esta visión xeral do treito pódese completar con outra información procedente de diferentes entidades ou organismos. Precisaranse máis ou menos datos, dependendo do tipo de intervención que se queira levar adiante. Polo tanto, a idea de actuación xurdirá principalmente do traballo previo de inspección e diagnose.



Á hora de iniciar a adopción seguramente xa teredes unha idea do que queredes facer. Non obstante, pódense realizar diferentes dinámicas que axuden a aclarar ou ver as diferentes posibilidades:

Unha opción á hora de comezar é facer un “trebón de ideas”.

### Trebón ou choiva de ideas.

Dinámica que pretende promover a participación e a creatividade. Consiste en escoitar a voz de todo o mundo e recoller todas as ideas que poidan aparecer. Para iso propónse un enunciado claro e que todos/as os/as participantes entendan. Cada persoa anota as súas ideas de como levar adiante o enunciado proposto. Dependendo do tempo e do espazo de que dispoñamos, ou do número de participantes, podemos facer primeiro unha pequena discusión en grupos de 3-5 persoas que logo expoñeremos conxuntamente, ou ben directamente pasar á exposición individual de cada súa idea: o importante desta estratexia é que todo o mundo fale e achegue a súa opinión. Unha vez feito isto, realízase en conxunto unha xerarquización das posibilidades para levar adiante a iniciativa.

Outra estratexia pode ser a elaboración dun “DAFO” (“Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades”).

### DAFO.

Dinámica que permite analizar as “Dificultades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades” ás que se enfrontará a iniciativa. Análizanse as debilidades e fortalezas, que son factores internos e polo tanto máis controlábeis, así como as ameazas e oportunidades, pola contra non tan controlábeis pero que deberán aproveitarse no caso das oportunidades e sortearse no caso das ameazas.

A realización do DAFO pode seguir os pasos do “trebón de ideas”: unha análise individual para unha posterior posta en común.

<b>Debilidades</b> (internas)	<b>Ameazas</b> (externas)
<b>Fortalezas</b> (internas)	<b>Oportunidades</b> (externas)

É importante, antes de abordar calquera actuación, reflexionar sobre a idea e as distintas posibilidades de poñela en práctica. Para iso podemos facernos as seguintes preguntas e establecer unha folla de ruta que conteña, entre outras, as seguintes cuestións:

<b>Que podemos e que queremos facer?</b>	Definir uns obxectivos factíbeis que sirvan para probarnos e animarnos a continuar realizando as accións. Ademais, debemos pensar que somos voluntarios/as e imos facer as actuacións no tempo libre.
<b>Onde e cando faremos a actuación?</b>	Estudar se o treito ten as condicións axeitadas para desenvolver o proxecto e elixir o momento idóneo para facelo.
<b>Quen somos e que experiencia temos?</b>	O proxecto vai ser coordinado por nós mesmos/as, polo que debemos pensar en repartir tarefas e carga de traballo, así como o grao de implicación.
<b>Con quen contamos?</b>	Temos o apoio do Proxecto Ríos, pero debemos facer unha listaxe doutros posíbeis colaboradores.
<b>Como o imos facer?</b>	Elaborar un esquema dos pasos que imos seguir e un cronograma das actuacións.

Fonte: *Manual de custodia fluvial de Cantabria*



No caso de que xurda máis dunha idea principal, pode optarse pola máis doada para comezar con bo pé: mellor algo pequeno e abarcábel, que permita ir vendo os resultados e anime a seguir traballando, que non un gran proxecto que non saibamos por onde comezar. Parello a isto, deberase atender tamén aos recursos económicos, calculando o custo de cada proposta.

Outra cuestión que cómpre ter en conta é ata onde se quere chegar, cales son os límites da nosa iniciativa; por iso, ás veces é importante tamén saber o que non queremos facer.

Igualmente importante é ter claro quen vai levar adiante cada unha das tarefas: as persoas deben estar motivadas e cualificadas para desenvolvelas.

Non debemos esquecer que a iniciativa debe responder a unha necesidade real do río. En demasiadas ocasións deséñanse proxectos partindo dunhas ideas previas que non se corresponden con necesidades reais.



Visita a un río cos gardas do servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia.

## 7.2. Deseño e elaboración de proxectos de custodia

O proxecto de adopción ou de custodia é unha proposta de actuacións que se poden desenvolver nun treito de río ou ribeira. Polo tanto, unha vez planificada a idea, e para facer realidade o proxecto, hai que definir uns obxectivos e unhas actividades concretas para alcanzalos. Será preciso tamén facer unha posterior avaliación e un seguimento das actuacións para coñecer a súa efectividade.

### Deseño

Para deseñar o proxecto hai que valorar diferentes aspectos que terán que aparecer no documento escrito de forma clara e concisa. Unha boa planificación é fundamental para que o deseño sexa o adecuado e os resultados sexan os esperados.

É importante ter unha visión global da conca e do treito en que se vai traballar. Antes de empezar a deseñar un acordo de custodia, hai que entender o funcionamento do espazo fluvial e coñecer os seus problemas ambientais e valores ecolóxicos. Outro aspecto que cómpre ter en conta é o coñecemento de se se están levando a cabo outras actuacións na mesma zona ou en zonas próximas e, de ser o caso, coordinarse con elas.

### Elaboración

Unha vez recollida toda a información necesaria, é o momento de pasala ao papel. O documento redactado deberá expoñer os valores fluviais que se queren conservar ou restaurar e os obxectivos que pretende alcanzar o acordo. Ademais, para contar co apoio da administración, é recomendábel que os obxectivos e as actuacións que se van desenvolver estean dentro do marco das actuacións contidas na DMA e no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa ou das diferentes demarcacións hidrográficas.

Apuntamos algúns apartados que se deberían incluír:


- **Nome** do proxecto.
- **Entidade** que o leva a cabo e colaboradores cos que conta.
- **Tipo de acordo** de adopción/custodia.
- **Xustificación** e antecedentes do proxecto.
- **Beneficiarios:** persoas, colectivos ou institucións aos que vai destinado.
- **Descrición do espazo** fluvial onde se fará a custodia. Valores que se deben conservar.
- **Obxectivos** que se pretende alcanzar, explicados de maneira breve e concisa. Pode haber un obxectivo xeral e varios específicos.
- **Metodoloxía:** actuacións detalladas que se levarán a cabo para alcanzar os obxectivos.
- **Contexto temporal** das actuacións: elaborar un calendario coas datas previstas de inicio e fin do proxecto e das diferentes tarefas que se levarán a cabo.

## Recursos:

- **Persoais:** persoal necesario para executar o proxecto, (coordinadoras e directoras, voluntariado ambiental, membros da asociacións etc.).
- **Económicos:** orzamento detallado dos gastos previstos para coordinar e efectuar a actividade, xestionar o persoal contratado ou voluntario, adquirir materiais, realizar o seguimento da actuación etc.
- **Recursos materiais:** ferramentas etc.
- **Permisos:** cómpre investigar se precisamos permisos e solicitalos con tempo.
- **Orzamento:** expoñer as posíbeis vías de financiamento do proxecto.
- **Difusión do proxecto:** describir que se quere comunicar, a quen e con que medios se pode contar para facelo.
- **Avaliación final e seguimento:** de que forma se avaliarán as actuacións para ver se os obxectivos foron cumpridos.

Todo o anteriormente exposto debe resumirse nun documento que plasme as tarefas nun horizonte temporal (cronograma), que nos axudará a organizar cada unha das actividades programadas.

Para poder planificar o voso traballo, pódvos servir como pauta este modelo de cronograma:



En función da actuación a desenvolver serán necesarios solicitar os permisos oportunos.

## 7.3. Execución

Non debemos esquecer que os cursos fluviais son considerados DPH, polo que para levar a cabo as actuacións haberá que solicitar os permisos pertinentes (ver pax. 72) e informar á administración competente (Augas de Galicia ou confederación hidrográfica, Conservación da Natureza, concello etc.).

Competencias	Administración
DPH e zona de policía	Augas de Galicia e confederacións hidrográficas
Conservación da natureza e pesca	Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Abastecemento e saneamento	Augas de Galicia e concello
Patrimonio e bens de interese cultural	Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio

Se as actuacións se realizan en propiedade privada, hai que contactar tamén cos propietarios/as, no caso de que non estean reflectidos no acordo de custodia ou este non exista. É fundamental intercambiar opinións cos propietarios e propietarias para establecer unhas boas bases no acordo. Tamén é importante informar os usuarios/as do ecosistema fluvial das actuacións que se van levar a cabo.

Á hora de facer unha actuación no lugar elixido, hai que ter en conta tanto a seguridade dos participantes, como a conservación do ecosistema fluvial. Hai que seguir a metodoloxía prevista e intentar minimizar danos ambientais ou persoais.

Antes da actuación débese:

- Verificar que o lugar e o momento elixidos para levar a cabo a actividade sexan os axeitados, tanto para garantir a seguridade dos participantes como para causar o mínimo impacto no río.
- Planificar a xornada, cun programa (punto de encontro, hora de inicio, duración, hora de remate etc.) e cun reparto de traballo entre os/as participantes.
- Contar cos recursos necesarios para actuar: materiais e ferramenta para traballar e equipamento, seguros, caixa de urxencias, manutención etc. Se as persoas participantes son voluntarias, hai que inscribilas para ter un seguro de responsabilidade civil, formalas previamente na actividade que van realizar e entregarlles os materiais e medios necesarios (v. anexo X).
- Solicitar os permisos oportunos
- Difundir a actividade, tanto a través das redes sociais (Facebook, Twitter...) como convocando os medios de comunicación para o día da actuación: así a iniciativa chegará a máis persoas.



Durante a actuación hai que ter en conta:

- Seguir o programa elaborado previamente.
- Dar a benvinda e comprobar a inscrición dos/as participantes.
- Facer unha presentación do proxecto e explicar a actividade que se vai realizar e o seu programa.
- Formar previamente os/as participantes na actividade que van realizar.
- Entregar o material necesario para actuar, tanto a ferramenta necesaria como a indumentaria axeitada ou identificadora, de ser o caso.
- Ao finalizar a actividade, é importante facer unha valoración entre os/as asistentes (pódeselles pasar unha enquisa, p. ex.) e agradecerlles a súa participación.

Despois da actuación:

- Hai que ter en conta as valoracións dos participantes para mellorar futuras accións.
- Débese manter informados a todos os implicados no proxecto sobre como foi a actividade e sobre a evolución do lugar de actuación.
- Se hai documentos gráficos da actuación, é importante darlles a máxima difusión.

## 7.4. Avaliación e seguimento

Avaliar un proxecto é fundamental para saber en que erramos, que fixemos ben e que debemos mellorar. Así, se a nosa actuación consistiu nunha repoboación de bosque de ribeira, deberemos avaliar que cantidade de árbores foron adiante, cales non o fixeron e por que etc.

Unha avaliación formulada de maneira construtiva permítenos aprender e mellorar para vindeiras ocasións. Igualmente, a avaliación axúdanos a planificar mellor as tarefas de seguimento do proxecto.

Tan importante é avaliar o traballo realizado como comunicarlles aos participantes nas actividades e á sociedade en xeral (socios e socias, voluntariado ambiental etc.) os logros acadados. Esta tarefa servirá de reforzo e faraos partícipes da iniciativa.

Dependendo do tipo de actuación, ás veces haberá que levar a cabo un mantemento. Por iso é importante realizar un seguimento, para facer dos resultados satisfactorios unha realidade a longo prazo.

No caso de traballar, por exemplo, con especies exóticas invasoras, débese programar un traballo a medio ou longo prazo, xa que certas especies "estrésanse" ao arrincalas e propáganse con máis virulencia. Estas cuestións débense ter en conta para un seguimento das actuacións.

## Avaliación

- Teremos que avaliar a eficacia dos traballos realizados durante a actuación; é dicir, se a calidade do ecosistema fluvial mellorou.
- Ademais, pódense avaliar os aspectos sociais da intervención: a repercusión social que tivo, a difusión etc.
- Por outra banda, tamén é importante valorar a eficiencia da propia entidade de custodia: como foi o traballo, a coordinación etc.

## Indicadores

Para realizar a avaliación e o seguimento, é importante establecer uns indicadores que amosen a eficacia da actuación; é dicir, uns parámetros medíbeis que verifiquen o cumprimento dos obxectivos propostos.

Exemplos de indicadores de seguimento ambiental:

- Vitalidade e viabilidade das árbores plantadas.
- Calidade da auga.
- Estado do camiño e do resto de elementos de uso público ou de acceso libre (dependendo do caso).
- Existencia de plantas invasoras.

Exemplos de indicadores dos aspectos sociais:

- Cantidade de material divulgativo editado e distribuído.
- Presenza na prensa: dixital, escrita, TV, radio (número de aparicións).
- Número de asistentes ás actividades.
- Aumento de visitas ao espazo restaurado.
- Asinouse un acordo de adopción?

## Resumindo

- O proxecto de adopción é un documento escrito coa proposta de traballo concreta para desenvolver unha ou varias actuacións no río.
- A fase de deseño permite poñer sobre o papel todas as ideas xurdidas durante a fase de planificación.
- Antes de actuar solicitaranse as autorizacións oportunas.
- Seguirase o protocolo deseñado, antes, durante e despois das actuacións.
- Hai que efectuar unha avaliación para corraxir ou cambiar os aspectos susceptibles de mellora.
- Despois da execución do proxecto, é necesario realizar un seguimento periódico.

## Exemplo de enquisa para un campo de eliminación de especies exóticas invasoras

### Enquisa de avaliación

Con esta enquisa pretendemos coñecer a percepción que teñen os participantes, coa finalidade de mellorar en anos vindeiros. A enquisa será tratada confidencialmente. Agradecemoslle que responda con total sinceridade.



#### 1. Como se enterou da actividade?

- Amigos     Radio     Gardarríos  
 ADEGA     TV     Outras. Cal?  
 Prensa     Internet    \_\_\_\_\_

#### 2. Cal foi a razón que lle moveu a participar?

#### 3. Coñecía a problemática das especies exóticas invasoras?

#### 4. Considera acaídas as actuacións realizadas? Si Non

#### 5. Que aspectos deberían ser mellorados?

#### 6. Valore as seguintes cuestións relacionadas coa actividade.

pésima    1    2    3    4    5    6    óptima

Divulgación do programa                       

Comentarios sobre a divulgación

	pésima	1	2	3	4	5	6	óptima
materiais	Caderno informativo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Ferramentas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Info da paxina web	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Correos electrónicos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Comentarios sobre os materiais

	pésima	1	2	3	4	5	6	óptima
educadores/as	Puntualidade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Coñecementos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Aptitudes pedagóxicas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Organización	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Entusiasmo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Comentarios sobre os educadores/as

	pésima	1	2	3	4	5	6	óptima
programa	Coordinación do programa	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Plantexamento/método	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Obxectivos acadados	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Tempo adicado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Resultados esperados	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	Motivación	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
	<b>Valoración global do proxecto</b>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Comentarios sobre o programa

#### 7. Observacións





## A xestión fluvial

En Galiza, as competencias que atinxen aos cursos fluviais distribúense entre varias administracións. Por unha banda, Augas de Galicia xestiona as competencias nos ríos da demarcación hidrográfica Galicia–Costa; é dicir, en todos aqueles que verten as súas augas ao Atlántico exceptuando o Miño. Por outra banda, a conca do Miño–Sil está xestionada pola Confederación Hidrográfica Miño–Sil, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA). E nas provincias de Lugo e Ourense determinados ríos están xestionados respectivamente pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico (Eo, Navia etc.) e a Confederación Hidrográfica do Douro (río Tâmega e pequenos ríos compartidos con Portugal), ambas dependentes do MAGRAMA.

Ademais, os espazos con algunha figura de protección ambiental (Rede Natura, Parque Nacional, Parque Natural, Reserva Fluvial Natural, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais etc.) son xestionados pola Xunta de Galicia, o que hai que ter en conta á hora de solicitar os permisos para a execución de proxectos de custodia fluvial.

Polo tanto, as leis de referencia para a solicitude de permisos para acometer calquera actuación de custodia fluvial son:

### En Galicia–Costa:

- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos (DOG n.º 137, 17/07/2006).
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG n.º 222, 18/11/2010).
- Directiva 2000/60/CE, Marco da Auga.
- Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plano Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia–Costa.

Para os ríos xestionados polo MAGRAMA nas súas diferentes demarcacións hidrográficas, pódese empregar tamén a Directiva 2000/60/CE, Marco da Auga (DMA). Os Planos Hidrolóxicos que se están a elaborar para cada demarcación terán rango de real decreto. Neles, a participación pública e a educación ambiental (emanados da DMA) son moi importantes, polo que se poden empregar estes criterios para realizar actuacións de mellora e conservación do medio fluvial con voluntariado.

## A xestión do voluntariado

En boa parte das iniciativas de custodia fluvial e adopción de ríos levadas adiante por entidades de custodia como asociacións de pescadores, grupos ecoloxistas etc., realízanse diferentes actuacións de voluntariado ambiental no ámbito fluvial. En tal caso, deberase prestar atención ás diferentes normativas que lexislan sobre estes aspectos, como as leis de voluntariado, tanto estatais como autonómicas.

## Outra lexislación que cómpre ter en conta

Atendendo á tipoloxía das accións que se van desenvolver, deberase acudir á lexislación pertinente. Por exemplo, se se van eliminar especies exóticas invasoras, é conveniente ter en conta as diferentes leis estatais e directivas europeas ao respecto, como a Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, ou o Catálogo español de especies exóticas invasoras (RD 630/2013, de 2 de agosto), que posúen distintas disposicións en relación ás especies alóctonas, en xeral, e exóticas invasoras, en particular; en canto ás directivas europeas, pódese citar a Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. A revisión destes documentos servirá igualmente para a xustificación das actuacións que se vaian desenvolver nesa materia.

Outra lexislación que hai que ter en conta nas iniciativas de custodia fluvial é a referida á pesca, a forestal ou de montes etc.

A continuación expoñemos nunha táboa as ferramentas máis frecuentes no ámbito xurídico europeo, estatal e galego para o desenvolvemento de accións de custodia fluvial.

### Lexislación europea

#### Directiva Marco da auga

Directiva 60/2000/CE, do 23 de outubro de 2000, relativa ao establecemento dun marco comunitario de actuación en política de augas.

A auga deixa de ser vista exclusivamente como un recurso e é considerada como un elemento básico dos ecosistemas acuáticos e parte fundamental para o mantemento dunha boa calidade ambiental.

#### Directiva Hábitats

Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

A Directiva fai posíbel a creación dunha rede ecolóxica de zonas especiais de conservación chamada Rede Natura 2000. A Rede Natura 2000 componse basicamente de dous tipos de espazos: Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

#### Directiva Aves

Directiva 79/409/CEE, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

Pretende a conservación a longo prazo das especies de aves silvestres da Unión Europea.



**Outras normativas relacionadas coa DMA**

Directiva 2007/60/CE, do 23 de outubro de 2007, relativa á prevención de inundacións.

Directiva 2006/7/CE, do 15 de febreiro, relativa á xestión da calidade das augas de baño.

Directiva 2006/44/CE, do 6 de setembro, relativa á calidade das augas continentais que requiren protección ou mellora para ser aptas para a vida dos peixes.

Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio, relativa ao tratamento das augas residuais urbanas.

**Lexislación estatal**

**Lei de Augas**

Lei 29/1985, do 2 de agosto de 1985; posteriormente modificada pola lei 46/1999, do 13 de decembro. Esta lei coñécese popularmente como o “mercado da auga”, xa que permite a compra e venda de auga a nivel particular. Para a aplicación desta lei créanse os Organismos de Conca.

Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, pola que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

Real Decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.

Real Decreto 285/2013, do 19 de abril, polo que se aproba o Plano Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño–Sil.

**Espazos de interese natural**

Lei 12/1985, do 13 de xuño, de Espazos de Interese Natural. Ten como obxectivo protexer, xestionar e, se é o caso, restaurar e mellorar a diversidade xenética, a riqueza e a produtividade dos espazos naturais.

**Patrimonio natural e biodiversidade**

Lei 42/2007, do 13 de decembro. Esta lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostíbel, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade no Estado Español. Cabe destacar que esta norma reconece por primeira vez a custodia do territorio como unha ferramenta para a conservación da natureza e establece que as administracións públicas deben fomentala (art. 72).

**Outras normas legais de ámbito estatal**

Decreto 114/1988 de avaliación de impacto ambiental.

Lei 3/1988 da protección dos animais. Pretende recoller todos os principios de respecto, defensa e protección dos animais que figuren nos tratados e convenios internacionais.

**Lexislación autonómica (Galiza)**

**Lei de Augas**

Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG n.º 222, 18/11/2010).

Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos (DOG n.º 137, 17/07/2006).

Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, polo que se aproba o Plano Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia–Costa.

**Especies protexidas**

Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

**Espazos protexidos**

Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan as zonas húmidas protexidas (DOG n.º 108, 07/06/2004); modificado polo Decreto 132/2005, do 28 de abril.

**Lei de voluntariado**

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.







## 9. Experiencias de adopción

Nas seguintes páxinas presentamos varias experiencias de custodia fluvial ou adopción de ríos desenvolvidas por diversos colectivos, con diferentes obxectivos e con actuacións sobre distintas temáticas:



## Campos de Voluntariado Ambiental do Río Tea

Durante o mes de outubro de 2007, voluntariado ambiental de toda Galiza tomou o pulso ao río Tea. Empregando a metodoloxía do Proxecto Ríos, realizouse unha análise da saúde do río e das súas marxes. Co resultado destas inspeccións, estableceuse unha diagnose do estado do río Tea e unhas liñas de actuación para desenvolver no período 2008– 2014.

Dos diferentes impactos encontrados (verteduras, lixo, presenza de especies exóticas invasoras), o equipo de educadores, o voluntariado ambiental e os expertos consultados decidiron centrarse nas especies exóticas invasoras (en adiante, EEI), desenvolvendo accións encamiñadas a divulgar esta problemática e experimentando métodos de eliminación. Con este fin, elaborouse unha ficha estandarizada para rexistrar os traballos e os resultados, co obxectivo de avaliar a eficacia e idoneidade do método e da ferramenta empregada ou a mellor época para cada especie.

Con tal motivo, realizáronse desde 2007 diversas actividades: campos de voluntariado para a sensibilización e eliminación de EEI, itinerarios guiados, limpezas de río e descensos en kajak. En todas elas teñen participado máis de 400 voluntarios/as.

**Entidade promotora:** Proxecto Ríos – ADEGA

### Outras entidades colaboradoras

Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Xunta de Galicia, ARCEA, Club de Piragüismo do Tea, Distrito Forestal.

**Tipo de acordo:** Anual coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHM-S)

**Período de actuación:** 2007–2014

**Máis información:** [www.adega.info](http://www.adega.info) / [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)



### Localización da actuación

LIC Río Tea (Código ES11400111) entre pasos de Tatín e Ponte Cernadelas (conca do Miño, concello de Mondariz, Galiza, aproximadamente 1 km lineal).

### Permisos necesarios

Confederación Hidrográfica Miño–Sil, por ser o Tea afluente do Miño, e Consellaría do Medio Rural, por ser un espazo Rede Natura 2000.

### Financiamento e orzamento

Programa de voluntariado en ríos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (60.000 euros)

### Obxectivos

Divulgar a problemática das EEI, especialmente na flora ribeirá, e desenvolver experiencias de eliminación.

Achegar ferramentas de participación a voluntarios/as ambientais.

Desenvolver actuacións concretas de conservación e recuperación dun espazo natural.

Experimentar métodos e prácticas de eliminación.

### Actuacións

Presentación e consulta a expertos.

Visita de recoñecemento para determinar o lugar das actuacións.

Consulta de bibliografía e iniciativas similares.

Deseño do proxecto.

Campos de voluntariado para a eliminación de flora exótica invasora.

Plantación de escallos de especies autóctonas nas zonas de eliminación.

Inventariado de flora nas zonas de eliminación.

Avaliación do proxecto.

Elaboración de memorias e de material divulgativo.

### Resultados globais

Participación de máis de 400 voluntarios/as.

Retirada de máis de 5 toneladas de especies exóticas invasoras.



O Proxecto Castieixas pretende achegar solucións ao problema do abandono e desaparición das pozas e dos regos, e con eles a perda das poboacións de anfibios, mediante unha iniciativa de custodia do territorio e voluntariado ambiental. Preténdese o estudo, a divulgación e a conservación deste espazo natural e cultural mediante diferentes accións de educación e voluntariado ambiental.

**Entidade promotora:** Proxecto Ríos – ADEGA

**Outras entidades colaboradoras:** Fundació Territori e Paisatge.

**Tipo de acordo:** Acordo por escrito coa propietaria da finca por 5 anos.

**Período de actuación:** 2008–2013

**Máis información:** [www.adega.info](http://www.adega.info) / [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

### Localización da actuación

Parroquia de Vilariñofrío, concello de Montederramo, comarca de Terra de Caldelas, Ourense.  
Tamaño da finca: 1,6 ha.

### Permisos necesarios

Non foron precisos.

### Financiamento e orzamento

10.000 euros; axudas da Obra Social Caixa Catalunya.

### Obxectivos

Recuperar o conxunto de pozas e regos da finca custodiada mediante actuacións de voluntariado ambiental.  
Divulgar a problemática dos anfibios a nivel global e a súa situación en Galiza.  
Amosar a importancia das charcas como espazos para a reprodución dos anfibios.  
Realizar proxectos de recuperación que sirvan de exemplo para accións posteriores.  
Fomentar comportamentos que incidan na conservación dos anfibios.  
Estudar a zona mediante visitas con veciños coñecedores do lugar no seu pasado, dos seus usos etc.  
Refacer parte dos valados caídos.

### Actuacións

Revisión de bibliografía e iniciativas.  
Presentación a expertos.  
Visita a iniciativas similares (Carballeira de Orgi-Navarra).  
Visita de recoñecemento.  
Deseño do proxecto de recuperación.  
Inventariado de flora e fauna, intervencións experimentais en charcas, eliminación de monte baixo do prado, construción dunha poza, reconstrución de regos, reconstrución de valados, construción de refuxios para anfibios.  
Avaliación do proxecto.  
Elaboración dunha memoria e de material divulgativo da experiencia.

### Resultados globais

Recuperación de dúas pozas e de 300 metros de regos que sirven de unión entre as pozas.  
O conxunto serve de hábitat para a herpetofauna.





## Proxecto Creación dunha rede de Custodia Fluvial nas bacías do Ulla, Umia e Lérez. Arredor da Auga.

O proxecto Creación dunha rede de Custodia Fluvial nas bacías do Ulla, Umia e Lérez foi unha iniciativa promovida por ADEGA nas dúas comarcas do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Umia-Lérez. Este GDR aprobou a devandita iniciativa financiada con fondos FEADER pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). A iniciativa foi un proxecto innovador que mobilizou a numerosas entidades dos dez concellos que conforman este GDR: asociacións culturais, de veciños, ecoloxistas, de pescadores, comunidades de montes etc. uníronse a este proxecto. Na súa parte final desenvolvéronse tres proxectos de custodia en cada unha das bacías (Ulla, Umia e Lérez), de diferente temática, pero todas centradas na posta en valor do patrimonio fluvial. Como exemplo describimos unha destas iniciativas, concretamente a realizada no río Gallo (Cuntis, Pontevedra) pola Asociación Cultural O Fervedoiro. Trátase da posta en valor do patrimonio etnográfico fluvial do concello de Cuntis, en concreto do río Gallo ao seu paso pola Vila do Baño e no lugar de Meira. Céntrase en varios elementos etnográficos como son os lavadoiros termais da vila de Cuntis, os antigos lavadoiros fluviaes, os pasos de Meira e a ponte de Nieto.

**Entidade promotora:** Asociación Cultural O Fervedoiro

**Outras entidades colaboradoras:** ADEGA, Proxecto Ríos, AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento rural), Augas de Galicia, Concello de Cuntis

**Tipo de acordo:** Acordo verbal cos propietarios e propietarias das fincas privadas con lavadoiros. Acordo con Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza (lavadoiros en fincas privadas e Dominio Público Hidráulico).

**Período de actuación:** 2011-2013

**Máis información:** [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org) / [www.adega.info](http://www.adega.info) / [www.ofervedoiro.blogaliza.org](http://www.ofervedoiro.blogaliza.org) / [www.facebook.com/asoc.ofervedoiro](https://www.facebook.com/asoc.ofervedoiro) / [ofervedoiro@hotmail.com](mailto:ofervedoiro@hotmail.com)

### Localización da actuación

Río Gallo, bacía do Umia, lugares de Cuntis e Meira, concello de Cuntis, comarca de Caldas. Aprox. 3.500 m de roteiro.

### Permisos necesarios

Convenio de custodia con Augas de Galicia para a realización das actividades deste proxecto e dos outros dous (bacías do Ulla e do Lérez). Permiso de obras do Concello de Cuntis. Permiso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

### Financiamento e orzamento

12.000 euros.

### Obxectivos

Posta en valor do patrimonio etnográfico das beiras do río Gallo ao seu paso pola Vila do Baño (concello de Cuntis) ata o lugar de Meira e a ponte de Nieto.

Recuperar os antigos pasos de Meira. Restaurar e limpar os antigos lavadoiros fluviaes.

### Actuacións

#### Recuperación dos pasos de Meira

Recuperáronse os antigos pasos que cruzaban o río Gallo á altura de Meira, antigamente empregados polos veciños e veciñas do lugar, pero desde había anos deitados no leito do río. Levantáronse coa axuda de canteiros da zona e agora é posíbel volver a cruzar o río Gallo neste lugar.

#### Restauración dos lavadoiros

Unha gran parte do proxecto céntrase na recuperación e posta en valor dos singulares lavadoiros fluviaes que se dispoñen ao longo do río Gallo, ao seu paso pola Vila do Baño. Os numerosos lavadoiros eran empregados polas mulleres, tanto para uso privado como para realizar o oficio de lavadeira. Hainos moi humildes, provistos dun só mazadoiro (lousa de pedra onde se refrega a barreira ou roupa sucia), e outros máis elaborados con recintos totalmente delimitados, portas e escaleiras para chegar ao nivel do río. Estes elementos son únicos en Galiza, tanto polo seu número como polas súas características. Realizáronse labores de limpeza en varios lavadoiros e procedeu á recuperación dun deles.

#### Sinalización do roteiro e instalación de paneis interpretativos

Esta sinalización permite a observación e seguimento do roteiro. Describe de xeito sinxelo e moi visual os antigos usos destes elementos etnográficos ao longo de todo o roteiro.

### Resultados globais

Levantamento duns pasos en desuso. Restauración e limpeza de oito lavadoiros. Participación social no proxecto. Posta en valor do patrimonio etnográfico. Adecuación dun roteiro interpretativo para os visitantes.





## NAVARRA. Colocación de caixas-niño para morcegos

Colocación de 75 caixas-niño para morcegos xunto á ribeira do río Aragón, para suplir ós escasos refuxios naturais existentes como consecuencia da continua desaparición de árbores vellas.

**Entidade promotora:** Asociación Naturalista Marcillesa Alnus

**Entidades ou socios colaboradoras:** 20

**Tipo de acordo:** Acordo verbal.

**Período de actuación:** Finais de setembro, principios de outubro de 2008.

**Máis información:** Javier Fabo Indurain (tel. 696711579)

### Localización da actuación

Ribeira media, Marcilla, Navarra. Treitos baixos do río Aragón, bacía do Ebro.

### Permisos necesarios

Para a colocación das caixas-niño e dos hotéis foi precisa a autorización por parte do Departamento de Hábitats do Goberno de Navarra.

### Financiamento e orzamento

A compra das caixas correu por conta dun proxecto con fondos europeos, "Proyecto Life". Os gastos de seguimento sufragáronse entre o CRANA e Alnus.

### Obxectivos

Axudar a manter a poboación de quirópteros e sensibilizar á poboación, labregos incluídos, da importancia que teñen estes pequenos mamíferos á hora de controlar as pragas de insectos, axudando á redución do uso de praguicidas.

### Actuacións

As caixas colocáronse na primavera de 2008 e cada outono realízanse revisións para controlar o número de individuos que as ocupan e o estado das caixas, así como para limpalas de excrementos e parasitos.

No comezo de cada xornada dáse unha charla de sensibilización para todos/as os voluntarios/as que acoden á actividade.

### Resultados globais

Non estabamos seguros do resultado da actividade, xa que é a primeira vez que se leva a cabo en Navarra con voluntariado.

Agora haberá que ver o resultado dos hotéis instalados.





## Proxecto de adopción de ríos de Olesa de Montserrat

Proxecto de recuperación ecolóxica e social dun treito do río Llobregat ao seu paso por Olesa de Montserrat mediante diferentes accións de educación e voluntariado ambiental.

**Entidade promotora:** Escola Povill e Associació Hàbitats-Projecte Rius, coa unión posterior da Associació Revolució Verda.

**Outras entidades colaboradoras:** Concello de Olesa, Sociedade Unión de Pescadores Deportivos de Olesa e Esparraguera, CEIP Ferrà i Esteva e a Sociedade Minera.

**Tipo de acordo:** Acordo de adopción asinado por dous anos.

**Período de actuación:** 2002-2007

-2005: sinatura do acordo de adopción (AH+Escola Povill+Revolució Verda+Concello)

-2006: inicio das campañas de recuperación da tartaruga dos regos con accións de control da poboación de tartarugas exóticas no río Llobregat.

**Máis información:** Associació Hàbitats: tel. 934213216.

e-mail: [projectes@associaciohabitats.cat](mailto:projectes@associaciohabitats.cat)

Escola Povill: <http://www.xtec.cat/escolapovill/racoverd/projecterius/index.htm>

Revolució Verda: <http://revolucioverda.wordpress.com>

### Localización da actuación

Marxe dereita do río Llobregat, entre Vilapou e Ca l'Isard. Olesa de Montserrat, Baix Llobregat, Barcelona. Río Llobregat, conca do Llobregat.

### Permisos necesarios

Autorizacións para actuacións en Dominio Público Hidráulico e na zona de policía (plantacións de ribeira e pequenas obras manuais na charca do regato de Les Parellades).

### Financiamento e orzamento

Entidades impulsoras e axudas de obras sociais: VOLCAM, Fundació Territori i Paisatge. 14.000 euros para o proxecto inicial; no 2007 uns 16.000 euros, sen contar investimentos e dedicación global da entidade durante todo o proceso.

### Obxectivos

Recuperación e mellora ambiental do contorno fluvial do río Llobregat en Olesa de Montserrat. Posta en valor social do contorno fluvial adoptado pola Escola Povill. Dinamización da participación de diferentes axentes sociais a través dun proceso aberto e innovador.

### Actuacións

Estudo, descrición e inspeccións do treito de río (desde 2002).

Control do colector pluvial procedente da zona industrial de Can Singla.

Colocación, seguimento e mantemento de caixas-niño para paxaros: ferreiro (*Parus sp*) e pardal orellero (*Passer montanus*).

Seguimento das poboacións de pardal orellero no contorno fluvial e urbano por medio de saídas.

Saídas de observación das aves da ribeira con alumnado de ESO.

Estudo da vexetación da zona (ribeiras e zonas verdes ou libres do municipio).

Estudo e revisión dos itinerarios (PR e GR) de sedeirismo do municipio que atravesaban a zona adoptada pola Escola Povill.

Recuperación ecolóxica dunha charca da ribeira de Les Parellades

Campaña de seguimento e recuperación da fauna autóctona (tartaruga dos regos) coa colaboración do Centro de Recuperación de Anfíbios e Réptiles de Catalunya (CRARC).

Reforestacións de ribeira.

Deseño e colocación de sinais informativos sobre a biodiversidade acuática da charca recuperada de Les Parellades.

### Resultados globais

Mellora da biodiversidade e conectividade da ribeira de Les Parellades con respecto ao río Llobregat.

Mellora do estado de conservación da ribeira do Llobregat.

Mellora no acceso e percepción social do contorno fluvial.

Sensibilización social.

Implicación de diversos axentes e sectores sociais na protección do medio natural do municipio.







## 10. Recursos e bibliografía

### Custodia do territorio

BASORA, X. E SABATÉ, X. (2006): *Custodia del territorio en la práctica. Manual de introducción a una nueva estrategia participativa de conservación de la naturaleza y el paisaje*. Fundació Territori i Paisatge e Xarxa de Custòdia del Territori. 78 pp.



RODRÍGUEZ, P. E SABATÉ, X. (2013): *Conservar la naturaleza entre todos*. Xarxa de Custòdia del Territori.



MUNITA, A. E GILI, S. (COORD.) (2009): *Manual d'adopció de rius. Eines per a la implicació social en la gestió dels espais fluvials*. Associació Hàbitats. 98 pp.

TEJÓN GARCÍA, S. E CLOUX PÉREZ, N. (Asociación Red Cambera): *Manual de adopción de ríos*. CIMA.

TOMÁS, S. E OUTROS (2012): *Manual d'adopció de rius*. Fundació Limne. 30 pp.

### Ecología fluvial

ARCEA (2006): *Especies exóticas invasoras de Galicia: diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación*. Xunta de Galicia. 31 pp.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. A. E COBO GRADÍN, F. (2006): *Macroinvertebrados de las aguas dulces de Galicia*. Hércules de Ediciones, A Coruña. 174 pp.



SEO-BIRDLIFE (2010): *La Directiva Marco del Agua y la conservación de los humedales y los espacios de la Red Natura 2000 que dependen del agua*. 72 pp.



PARDO, I., GARCÍA, L., DELGADO, C., COSTAS, N. E ABRÁIN, R. (2010): *Protocolos de muestreo de comunidades biológicas acuáticas fluviales en el ámbito de las Confederaciones Hidrográficas del Miño-Sil y Cantábrico*. Convenio entre la Universidad de Vigo y las Confederaciones Hidrográficas del Miño-Sil y Cantábrico. 68 pp.



PARDO, I., ABRAÍN, R., GÓMEZ-RODRÍGUEZ, C., GARCÍA-ROSELLÓ, E. (2010): *Tipología de ríos y conformidad con las comunidades biológicas en el ámbito de las Confederaciones Hidrográficas del Cantábrico y Miño-Sil*. Convenio entre la Universidad de Vigo y las Confederaciones Hidrográficas del Cantábrico y Miño-Sil. 28 + xi pp.

VV.AA. (2005): ADEGA-Cadernos, 14. *Os ríos galegos (I): Calidade e biodiversidade*. 65 pp.

VV.AA. (2005): ADEGA-Cadernos, 15. *Os ríos galegos (II): Calidade e biodiversidade*. 57 pp.



## Participación cidadá

CASTRO, R. (2000): *Voluntariado ambiental. Claves para la acción proambiental comunitaria*. Ed. Di7, Illes Balears. 260 pp.



HERAS HERNÁNDEZ, F. (2003): *EntreTantos. Guía práctica para dinamizar procesos participativos sobre problemas ambientales y sostenibilidad*. GEA scl. 140 pp.

GEA S.COOP. E ARROJO, P. (2008): *Más claro, agua. Una visita guiada a los principios de la Directiva Marco del Agua*. 24 pp.

GEILFUS, F. (1998): *Herramientas para el desarrollo participativo*. DICPSA, El Salvador.


COMISIÓN EUROPEA, DIRECCIÓN GENERAL DE MEDIO AMBIENTE (2003): *Participación ciudadana en relación con la Directiva Marco del Agua*. Documento guía n.º 8 de la Estrategia Común de Implantación de la Directiva Marco del Agua (2000/60/CE). 83 pp.

SABATÉ, X. (COORD.) (2008): *Confluent en la cura de l'aigua. Reflexions sobre l'ençaix entre la custòdia del territori i la Directiva marc de l'aigua a Catalunya*. Agència Catalana de l'aigua e Xarxa de Custòdia del Territori. 55 pp.

FERNÁNDEZ, B. E RUIPÉREZ, M. (2007): *Guía para el diseño y ejecución de Programas de Voluntariado ambiental en ríos y riberas*. WWF e Ministerio de Medio Ambiente. 55 pp.



SÁNCHEZ, F. J. (COORD.) (2009): *Programa de educación ambiental y voluntariado en ríos. Actuaciones 2008*. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. 66 pp.



## Restauración fluvial

BARREIRA, A. (DIR.) (2009): *Restauración de ríos. Guía jurídica para el diseño y realización de proyectos*. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. 227 pp.

CASTRO, R. E MARTÍNEZ, J. G. (2007): *Conservación de los ríos*. Consejería de Medio Ambiente, Junta de Andalucía. 120 pp.



GONZÁLEZ DEL TANAGO, M. E GARCÍA DEL JALÓN, D. (2007): *Restauración de ríos: guía metodológica para la elaboración de proyectos*. MMA, Madrid. 317 pp.

MARM (2010): *Restauración de ríos: bases de la Estrategia Nacional de Restauración de Ríos*. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. 102 pp.

## Internet

Ligazóns, por orde alfabética, de entidades ligadas aos ríos e á educación ambiental, administracións etc.

**ADEGA.** (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Asociación democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa pola defensa do ambiente galego e global. Coordina en Galiza o Proxecto Ríos. [www.adega.info](http://www.adega.info)

**AEMS.** AEMS-Ríos con Vida é unha ONG de ámbito estatal, sen ánimo de lucro, dedicada á conservación e restauración dos ríos, especialmente das poboacións salmonícolas autóctonas e do seu medio. Defende unha ética recreativa da pesca fluvial. [www.riosconvida.es](http://www.riosconvida.es)

**Augas de Galicia.** Entidade pública pertencente á Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas da Xunta de Galicia, encargada da planificación e xestión de todos os ríos que verten as súas augas ao Atlántico con excepción da conca do Miño. [www.augasdegalicia.es](http://www.augasdegalicia.es)

**Axencia Europea de Medio Ambiente.** Organismo da Unión Europea dedicado a ofrecer información sólida e independente sobre medio ambiente. [www.eea.eu.int](http://www.eea.eu.int)

**AWWA (American Water Works Association).** Sociedade internacional, científica e educativa, dedicada á mellora e protección da calidade da auga potábel e o seu subministro. [www.awwa.org](http://www.awwa.org)

**Barcas do Minho.** Entidade dedicada ao estudo das embarcacións fluviais de Galiza e do Norte de Portugal, do pasado e de propostas para o futuro.

[www.barcas.org](http://www.barcas.org)

**CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental).** Centro de referencia de educación ambiental no Estado Español. Dispón dun centro de documentación e publica mensualmente “La carpeta informativa” con novas e referencias sobre educación ambiental.

[www.magrama.gob.es/gl/ceneam/](http://www.magrama.gob.es/gl/ceneam/)

**Charcas con vida.** Iniciativa coordinada en Galiza por ADEGA que pretende difundir o valor das charcas e contribuír ao seu estudo e conservación.

[www.charcasconvida.org](http://www.charcasconvida.org)

**Confederación Hidrográfica Miño-Sil.** Entidade pública pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, encargada da planificación e xestión de todos os ríos que verten as súas augas ás concas do Miño e o Sil.

[www.chms.es](http://www.chms.es)

**Confederación Hidrográfica do Cantábrico.** Entidade pública pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, encargada da planificación e xestión de todos os ríos que verten as súas augas ao Cantábrico.

[www.chcantabrico.es](http://www.chcantabrico.es)

**Confederación Hidrográfica do Douro.** Entidade pública pertencente ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, encargada da planificación e xestión de todos os ríos da conca do Douro.

[www.chduero.es](http://www.chduero.es)

**CIREF (Centro Ibérico de Restauración Fluvial).** Asociación que ten como fin fomentar a conservación e restauración dos ecosistemas fluviais a todos os niveis.

[www.cirefluvial.com](http://www.cirefluvial.com)

**ECODES.** Na páxina de Ecología y Desarrollo podes acceder a outras páxinas da organización como [zaragozaconelagua.org](http://zaragozaconelagua.org) ou [agua-dulce.org](http://agua-dulce.org), con abundante información.

[www.ecodes.org](http://www.ecodes.org)

**Estación Hidrobioloxía Encoro do Con.** É un servizo da USC, que ofrece as instalacións e medios axeitados para o estudo dos ecosistemas acuáticos continentais.

[www.usc.es/gl/servizos/ehec](http://www.usc.es/gl/servizos/ehec)

**FNCA (Fundación de Nueva Cultura del Agua).** Fundación que ten por fin promover, fomentar e desenvolver actividades de investigación relacionadas con estudos hidrolóxicos, tanto nos seus aspectos sociais como económicos e ambientais.

[www.fnca.eu](http://www.fnca.eu)

**Plataforma de Custodia do Territorio.** Busca converterse nun lugar de encontro para todas as redes e entidades de custodia que levan a cabo a súa actividade no Estado Español, brindándolles apoio e impulsándoas a que sigan traballando nesa liña.

[www.custodia-territorio.es](http://www.custodia-territorio.es)

**Seminario de Voluntariado en Ríos.** Seminario coordinado polo CENEAM desde 2007, que ten entre os seus obxectivos facilitar un espazo de encontro e promover intercambios de experiencias, información e colaboración en proxectos de voluntariado en ríos e ribeiras.

[www.seminariovoluntariadoenrios.blogspot.com.es/](http://www.seminariovoluntariadoenrios.blogspot.com.es/)

**SGEA (Sociedade Galega de Educación Ambiental).** Asociación profesional co ánimo de aglutinar o traballo de moitas persoas na promoción da educación ambiental en Galiza.

[www.sgea.org](http://www.sgea.org)

**SGO (Sociedade Galega de Ornitoloxía).** Entidade que naceu co fin de fomentar o estudo científico e a conservación das aves silvestres e dos seus hábitats en Galiza. Ademais, tenta promover entre a cidadanía o coñecemento, aprecio e respecto das aves e da natureza en xeral.

[www.sgosgo.org](http://www.sgosgo.org)

**Voluntariado galego.** Espazo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que serve de punto de encontro para todo este movemento de Galiza: novas, axenda, formación...

[www.voluntariadogalego.org/web](http://www.voluntariadogalego.org/web)

**XCT (Xarxa de Custòdia del Territori).** ONG constituída por entidades, institucións e persoas que pretenden impulsar o desenvolvemento e o uso da custodia do territorio en Catalunya.

[www.xct.cat](http://www.xct.cat)

**Xunta de Galicia.** Páxina oficial do goberno da Comunidade Autónoma de Galicia: consellarías, servizos, DOG e organismos autónomos. Permite acceder ás web de diferentes consellarías e departamentos como Conservación da Natureza, Voluntariado etc.

[www.xunta.es](http://www.xunta.es)



## Rede Ibérica do Proxecto Ríos

### Proxecto Ríos en Galiza ADEGA

[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)



### Proxecto Ríos en Portugal ASPEA

[www.aspea.org](http://www.aspea.org)



### Projecte Rius en Catalunya: Asociació Hàbitats

[www.projecterius.org](http://www.projecterius.org)



### Projecte Rius en Valencia: Fundació Limne

[www.limne.org](http://www.limne.org)



### Proxecto Ríos Bierzo-Laciana CIUDEN

[www.proxectoriosbl.org](http://www.proxectoriosbl.org)



### Proxecto Ríos en Cantabria: Red Cambera

[www.redcambera.org/proxecto-rios](http://www.redcambera.org/proxecto-rios)



### Proxecto Ríos en Madrid: Territorios Vivos

[www.territoriosvivos.org/proxectorios](http://www.territoriosvivos.org/proxectorios)



## Outras iniciativas de voluntariado en ríos

**ADECAGUA.** A Asociación para la Defensa de la Calidad de las Aguas inicia a súa actividade en 1967 co obxectivo de ser o marco de referencia e o punto de encontro para todos os interesados en aspectos relacionados co coñecemento e mellora da calidade das augas.

[www.adecagua.es/](http://www.adecagua.es/)

**Andarríos (Andalucía).** O programa de participación e educación ambiental Andarríos ten como obxectivo fundamental a promoción da participación e implicación activa da sociedade na avaliación, conservación e mellora dos ecosistemas fluviais.

[www.juntadeandalucia.es/medioambiente/andarrios](http://www.juntadeandalucia.es/medioambiente/andarrios)

**VoluntaRíos (Zaragoza).** VoluntaRíos é un programa de **voluntariado ambiental** en ríos destinado ao coñecemento, o respecto e a recuperación dos ecosistemas acuáticos, que naceu en 2004 e actualmente abrangue todo Aragón.

[www.voluntarrios.org](http://www.voluntarrios.org)

## Programas específicos de estudo e conservación en Galiza

**Margal Ulla.** Proxecto da Xunta de Galicia no marco do Programa LIFE+ da Unión Europea, para a recuperación das poboacións de náide ou mexillón de río (*Margaritifera margaritifera*) e toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) na cunca do río Ulla no período 2010-2015.

[www.margalulla.xunta.es/gl](http://www.margalulla.xunta.es/gl)

**Migranet.** O proxecto propón a creación dun observatorio das poboacións de peixes migradores do espazo SUDOE (MIGRANET) e ten como principal obxectivo configurar unha estratexia de cooperación conxunta na obtención de datos sobre estas especies a longo prazo.

[www.migranet.org.es](http://www.migranet.org.es)



# 11. Anexos

## Como solicitar un permiso

Cando se pretenda desenvolver algunha actividade de voluntariado ambiental no DPH, é necesario solicitar os permisos pertinentes á administración competente. Normalmente esta solicitude vai dirixida á confederación hidrográfica que xestiona o río no que se pretende facer as actividades. Se a zona de actuación posúe ademais algunha figura de protección (Rede Natura 2000, Parque Natural, Parque Nacional, Reserva Fluvial etc.), é necesario tamén solicitar o permiso á administración competente nos seus departamentos de Medio Ambiente ou de Conservación da Natureza do goberno autonómico ou estatal (ver páxina 72).

## Como facer unha denuncia (tala, vertedura, obras, paseos, limpeza etc.)

Cando unha norma de dereito ambiental é infrinxida, cómpre realizar unha denuncia coa máxima celeridade posíbel.

A autoridade que reciba a denuncia ten o deber de investigar os feitos denunciados e de manter informado/a o/a autor/a da denuncia. Se non se recibe esta información, debemos reclamala.

As denuncias deben contar cuns datos mínimos: a identificación completa do denunciante (aínda que pode ser anónima), o suxeito infractor (se se coñece), os feitos denunciados, lugar, data e sinatura.

Existen dous tipos básicos de denuncia: a penal e a administrativa.

### Denuncia penal

Os feitos, pola súa gravidade, teñen carácter de delito ecolóxico ou contra o ambiente tipificado e recollido no título XVI do Código Penal. O delito ecolóxico ou ambiental está determinado por unha serie de condutas delitivas e ten a súas correspondentes consecuencias xurídicas. Defínense varios tipos de delitos ecolóxicos:

- Delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente.
- Delitos relativos á protección da flora e a fauna.
- Delitos contra o ordenamento do territorio.
- Delitos sobre o patrimonio histórico.
- Outros delitos, como os relativos á enerxía nuclear e ás radiacións ionizantes, os incendios forestais etc.



As denuncias penais poden ser formuladas persoalmente ou por escrito nas oficinas da Policía Nacional ou Autonómica ou da Garda Civil e perante o Xuíz ou o Ministerio Fiscal.

## Denuncia administrativa

Teñen como obxecto a sanción de calquera posíbel infracción contra normas de protección ambiental de rango administrativo, sexan estatais, autonómicas ou locais. (Consultar formulario en páxina 74).

## Seguros de responsabilidade civil e de accidentes

Logo de deseñar a actuación, pedir os permisos necesarios e conseguir o financiamento, teremos que realizar as actividades propostas para a consecución dos obxectivos do proxecto de custodia fluvial. Tanto na custodia do territorio como na custodia fluvial, o espírito é o traballo no medio natural con voluntariado. Deberemos, pois, contratar os seguros de accidentes e responsabilidade civil pertinentes para o día de desenvolvemento das accións.

Existen numerosas entidades aseguradoras que ofrecen seguros a organizacións sen ánimo de lucro para realizar actividades de voluntariado. Os seguros pódense contratar anualmente ou ben de maneira puntual para a realización da actividade, o que resulta máis económico sobre todo no caso do seguro de accidentes.

Á hora de contratar un seguro de accidentes, hai que ter en conta que tipo de actividade se vai desenvolver; é dicir, podemos solicitar unha cobertura para accidente, incapacidade ou morte en función da tipoloxía dos traballos que se van desenvolver. Por exemplo, nunha actividade de diagnose do estado ecolóxico dun río, poderemos contratar unha cobertura menor dado o menor risco ao que está exposto o voluntariado. Se se trata dunha limpeza, a cobertura será maior, xa que existe máis perigo de accidente. Se realizamos plantacións, eliminación de flora exótica invasora, recuperación do patrimonio etnográfico etc., o seguro contratado dependerá da ferramenta que se empregue na realización da actividade. Tamén se debe ter en conta que para o uso de maquinaria como motoserras e desbravadoras, o voluntariado terá que contar coa capacitación e medidas de seguridade axeitadas.

O máis eficaz é contratar un seguro de accidentes innominados, onde a entidade de custodia subscribe unha póliza de seguros sen ter que facilitar os datos do voluntariado inmediatamente. Estes serán enviados con polo menos 24 horas de antelación á compañía aseguradora cando xa teñamos o listado definitivo de participantes.

É tamén necesario informar as persoas participantes dos dereitos e deberes que teñen polo feito de ser voluntarios/as.

## Como constituír unha entidade sen ánimo de lucro

Se tedes pensado levar adiante unha iniciativa de custodia fluvial ou adopción de ríos e non estades constituídos como asociación, pode que vos interese facelo, xa que así poderedes optar a axudas económicas do concello ou doutras administracións, xestionar voluntariado ambiental etc.

A creación dunha asociación sen ánimo de lucro é relativamente sinxela e rápida. Precísanse tres persoas, uns estatutos e presentar a documentación. É moi importante definir ben o ámbito de actuación e a localización, sobre todo á hora de elaborar os estatutos, xa que nestes debe reflectirse cal é a finalidade da asociación. Relacionado con isto, existen estatutos estándar xa preparados, pero é preciso adaptalos ás necesidades ou finalidades da asociación que se teña intención de crear. Hai que elaboralos coidadosamente, xa que se posteriormente se quere engadir un novo obxectivo ou ámbito de actuación, deberanse modificar os estatutos.

O dereito de asociación, recoñecido no artigo 22 da Constitución, está regulado pola Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, aplicable a todas as asociacións sen fins lucrativos que non estean sometidas a outra normativa específica.

Na páxina web da Xunta de Galicia, na Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, existe unha guía para a constitución de asociacións sen ánimo de lucro. Aparece documentación relacionada cos requisitos de constitución, normativa, inscricións, modelos, solicitudes e rexistros. A páxina é a seguinte: [www.cpax.xunta.es/introduccion-asociacions](http://www.cpax.xunta.es/introduccion-asociacions).



## Solicitud de autorización para (nome da actividade a realizar)

### Datos do peticionario

Nome e apelidos ou denominación social

NIF / CIF

Teléfono

Enderezo

Concello

Provincia

Código postal

### Datos do/a representante

Nome e apelidos ou denominación social

NIF / CIF

Teléfono

Enderezo

Concello

Provincia

Código postal

Que desexa realizar actividades de voluntariado ambiental relacionadas con *(especificar a tipoloxía dos traballos que se van desenvolver, o nome do río e o lugar do río en que se realizarán as actividades)*, ao amparo do establecido no art. 81 ou 71, respectivamente do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por RD 849/1986, do 11 de abril (BOE do 30 de abril), modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio (BOE do 6 de xuño) e demais disposicións sobre a materia.

Estas actividades faranse ao amparo das axudas solicitadas por *(entidade solicitante)* ao *(nome do organismo que concedeu a axuda)*, ambas pendentes de adxudicación *(se é o caso; ou ben poñer que xa se adxudicaron)*.

*Explicación breve especificando: tipo de actividade, datas e lugares en que se realizará e concellos implicados.*

*Finalidade das actividades: Ás veces é recomendábel xuntar a esta solicitude a memoria inicial dos traballos que se van desenvolver, así como unha fotografía aérea, mapa ou esbozo da zona do río onde se pretende actuar para a súa localización xeográfica.*

### SOLICITA:

Que, previos os trámites correspondentes, se lle conceda a autorización solicitada.

Lugar e data

Sinatura

### Destinatario da solicitude

(Confederación hidrográfica, Consellería ou Ministerio correspondente)



## Modelo de denuncia ambiental

Don/Dona ....., con D.I....., (se é o caso) en representación de .....  
(nome da asociación ou entidade)...., e con enderezo a efectos de notificación en  
..... e teléfono .....,

EXPÓN:


Que ..... (facer unha breve exposición indicando os feitos denunciados, o lugar  
e o momento en que se produciron e, se se coñecen, os presuntos responsábeis  
dos mesmos. Indicar se se presentou ou non unha denuncia polos mesmos feitos  
con anterioridade. En caso afirmativo, precisar a data e o órgano perante o  
que se fixo a denuncia. Pódese xuntar calquera tipo de documentación que se  
considere útil para a investigación.).....

Conforme ao que se establece no artigo 2º da orde do 30 de maio de 1996  
(DOG do 5 de xuño de 1996), preséntase a denuncia/reclamación (indicar de xeito  
resumido o título ou nome da denuncia)...

En ....., a ..... de .....de 20.....

Asdo.:

Sr. ....(nome da autoridade á que se dirixe a denuncia)....



O manual que tes nas mans  
rematouse de imprimir en maio  
de 2014, cando os nosos ríos  
están no seu máximo esplendor,  
dez anos despois de que os  
primeiros grupos de voluntarios e  
voluntarias comezaran a saír aos  
nosos ríos.



# proxecto ríos

O **Proxecto Ríos** é unha iniciativa de Educación e Voluntariado Ambiental promovida por ADEGA, que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais, proporcionando ferramentas que garantan a súa participación. Ten como obxectivo crear unha rede de cidadáns comprometidos cos cursos fluviais que desenvolvan actividades de coñecemento, vixilancia, protección e custodia dun treito de río que eles mesmos escollen.

Iniciativa:



Coa colaboración de:

